

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1800/2024	A Xunta de Goberno Local	08/07/2024

María Jesusa Fernández Bascuas, en calidade de secretaria deste órgano,

CERTIFICO:

Que, na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte **ACORDO**:

EXPEDIENTE 1800/2024.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA OU ENXEÑERÍA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA" (PLAN + PROVINCIA 2024)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, relativa ao expediente de contratación do SERVIZO DE ARQUITECTURA OU ENXEÑERÍA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA" (PLAN + PROVINCIA 2024) asinada en data 12 de xuño de 2024.

Vista a memoria descriptiva das prescricións técnicas asinada polo arquitecto técnico municipal Sr. Órrea Corral con data 19/03/2024.

Vistas a Providencias da Alcaldía pola que se dispón que pola Intervención Municipal se emita certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente, no seu caso, así como que se incorpore ao expediente o informe sobre insuficiencia de medios.

Considerando que con data 12 de xuño de 2024, incorporouse ao expediente o documento correspondente á retención de crédito.

Considerando que con data 28 de xuño de 2024, incorporouse ao expediente o informe de insuficiencia de medios asinado polo arquitecto técnico municipal Sr. Órrea Corral.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 2023-0854 de data 20 de xuño de 2023.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1308 de 2 de xullo de 2024.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.-Iniciar o procedemento de contratación do SERVIZO DE ARQUITECTURA OU ENXEÑERÍA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA" (PLAN + PROVINCIA 2024), por procedemento aberto simplificado.

SEGUNDO.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017, a seguinte documentación:

Prego de Prescricións Técnicas.

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Informe xurídico.

Informe de fiscalización de Intervención.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do órgano de contratación, de acordo co disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

.

E, para que conste aos efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese o presente de orde e co visto e prace do señor alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 6F593WFXSYZ2926F4M947MX3J
Corrección: <https://ae.estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

